




Serie de Divulgación do TGDC

Por unha economía
+eficiente
produtiva
competitiva

Evite ser responsable de prácticas colusorias e axude a detectar posibles actividades contrarias ás normas de competencia:

Xogue limpo no mercado

Poña en coñecemento das autoridades as empresas que impiden, falsean ou restrinxen a competencia



Conductas colusorias

Unha violación grave
das normas de competencia



 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA

TGDC Tribunal Galego de Defensa
da Competencia



Como empresario vostede pode axudar eficazmente a mellorar a produtividade e a competitivade

¿Sabe vostede que se pacta con outras empresas:

- Os prezos dos seus produtos,
- As condicións comerciais para a súa venda,
- A limitación da producción, o desenvolvemento técnico, ou os investimentos, ou
- A repartición do mercado ou das fontes de suministración

Pode ocasionar un grave prexuízo aos consumidores e á marcha económica do noso país e, ademais, incorre nunha grave violación das normas de competencia?

A competencia nos mercados estimula a consecución de mellores prezos, produtos e servizos de máis calidade, un nivel de desenvolvemento técnico máis avanzado e, en definitiva, máis produtividade e máis competitividade das nosas empresas.

As condutas colusorias ESTÁN PROHIBIDAS en toda a Unión Europea, incluído o noso país.

A Lei de defensa da competencia (LCD), no seu artigo 1 sinala que "se prohíbe todo acordo, decisión ou recomendación colectiva, ou práctica concertada ou conscientemente paralela, que teña por obxecto, produza ou poida producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia en todo ou parte do mercado nacional."

Un caso particularmente grave das prácticas colusorias son os CÁRTELES, que a Lei define como todo acordo secreto entre dous ou máis competidores co obxecto da fixación de prezos, de cotas de producción ou de venda, a repartición de mercados, incluídas as poxas fraudulentas, ou a restrición das importacións ou as exportacións.

Como empresario, vostede pode axudar a manter un nivel de competencia axeitado:

- Cumprindo debidamente o disposto na LDC, e evitando pactos colusorios con outras empresas, e
- Poñendo en coñecemento do SGDC as prácticas colusorias que detecte no mercado.

Na actualidade existe a posibilidade de eximirse do pagamento das posibles multas ou obter unha redución delas se se achegan medios de proba para detectar un cártel, a teor do **programa de clemencia** disposto na nova Lei de defensa da competencia.

AS SANCIÓNS por condutas colusorias inclúen:

- Multas ata o 10 % do volume de negocio da empresa infractora

Se non se pode determinar o volume de negocio, a multa será:

Infraccións graves: Entre 500.001 a 10 millóns de euros.

Infraccións moi graves: máis de 10 millóns de euros

- Multa de ata 60.000 euros a cada un dos representantes legais ou aos integrantes dos órganos directivos

- A publicación do nome dos infractores e da resolución condenatoria do tribunal

- A nulidade de pleno dereito dos acordos establecidos

- Multas coercitivas de ata 12.000 euros ao día

- O pagamento de posibles danos e prexuízos que se ocasionen

PARA MÁIS INFORMACIÓN:
Onde dirixirse:

www.tgdcompetencia.org
Servizo Galego de Defensa da Competencia (SGDC)
Tribunal Galego de Defensa da Competencia